



## FORMULARIO DE IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS XUDICIAIS

### 1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

#### 1.1. Serie

Denominación autorizada	Código
-------------------------	--------

Expedientes de recursos de apelación contra autos civís ante a audiencia provincial. 0005

#### Outras denominacións

Expedientes de recursos de apelación civil.  
Apelación civil.

Data inicial da serie 1968

Data final da serie Serie aberta

Pode conter efectos xudiciais?

Si

Non

#### 1.2. Produtor(es) e datas de produción da fracción de serie

Produtor(es)	Data inicial	Data final
--------------	--------------	------------

Audiencia provincial

1968



## 2. ÁREA DE ANÁLISE: CONTEXTUAL, FUNCIONAL, SECUENCIAL E DE ORGANIZACIÓN DOCUMENTAL

### 2.1. Función/Actividade

#### Descrición

Procedemento tramitado para resolver as reclamacións presentadas ante a audiencia provincial contra autos ditados polos xulgados de primeira instancia e polos xulgados de primeira instancia e instrución, e a partir de 2005 polos xulgados de violencia sobre a muller. A través do recurso de apelación, o recorrente manifesta o prexuízo que lle ocasionou a resolución ditada en primeira instancia.

Son recorribles en apelación os autos definitivos e todos aqueles que determine a lei. Estes serían: os autos de suspensión do proceso en caso de pre-xudicialidade penal ou civil, os que deneguen dilixencias preliminares, os que deneguen a execución provisional, os que acorden a finalización do procedemento por satisfacción extraprocesual ou carencia sobrevida do obxecto, os que manifesten a abstención de coñecer por falta de competencia internacional e os que rexeiten a falta de competencia internacional

Pode estar fundado nunha falta de recoñecemento dos dereitos procesuais ou materiais. Unha vez presentado o recurso, constitúese unha nova fase do procedemento e o expediente trasládase da primeira instancia á segunda.

#### Historia

As audiencias provinciais en España teñen a súa orixe na revolución de 1868 e na Constitución dese mesmo ano. A Lei orgánica do poder xudicial de 1870 establecía a creación dun tribunal colexiado, formado por tres maxistrados, en cada partido xudicial, con competencia exclusivamente penal. A falta de orzamentos fixo imposible a súa creación, e non será ata a Lei adicional de axuízamento criminal de 1882 cando se crean as audiencias do criminal, que principian a súa actividade o 1 de xaneiro de 1883 e que se erixen no antecedente máis inmediato das actuais audiencias provinciais. Deste xeito, constituíronse 95 audiencias do criminal, pero debido a problemas financeiros, na Lei de orzamentos do Estado para 1892-1893 ordénase a supresión de 46 audiencias, é dicir, de todas aquelas non situadas nas capitais de provincia, aparecendo así as audiencias provinciais.

Ata 1968 as audiencias tiñan competencia unicamente penal. A Lei 10/1968, do 20 de xuño, atribuílles competencia civil para coñecer dos recursos de apelación contra algunhas resolucións dos xulgados de primeira instancia e mais contra a maioría das dos xulgados municipais e comarcais, así como das cuestións de competencia e acumulación de autos entre órganos civís da provincia. En 1974 aprobouse a Lei 42/1974, pola cal as audiencias territoriais recuperan as



competencias en materia de apelación civil que pasaran ás audiencias provinciais. Esta lei foi derogada en 1978 pola Lei 11/1978.

As audiencias provinciais regúlanse hoxe en día nos artigos 80 a 83 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), así como na Lei de demarcación e de planta xudicial. Dende o punto de vista territorial, a súa demarcación esténdese á provincia e a súa sede radica na capital desta, da que tomará o seu nome (art. 80.1 da LOPX e artigo 3.1 da Lei 38/1988, de demarcación e de planta xudicial).

A Lei orgánica do poder xudicial de 1985 define as competencias das audiencias provinciais, tanto na orde civil coma na penal. O artigo 82 define as competencias no ámbito da apelación civil, establecendo que coñecerán dos recursos contra as resolucións ditadas en primeira instancia polos xulgados de primeira instancia da provincia. Cando o recurso se presente contra sentenzas de xuízos verbais por razón da contía, a audiencia constituirase cun só maxistrado.

Coa Lei de demarcación e de planta xudicial fíxanse as funcións e límites dos novos tribunais superiores e amplíanse e refórzanse as audiencias provinciais, confirmándose como chanzo intermedio da xustiza ordinaria entre a primeira instancia e os tribunais superiores de xustiza, de nova creación e con xurisdición no ámbito territorial da comunidade autónoma.

En 1990 o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúelles competencias plenas na orde civil ás audiencias, pero unicamente en apelación das sentenzas e autos ditados polos xulgados de primeira instancia da provincia.

Pódense crear seccións da audiencia fóra da capital da provincia, ás cales quedarán territorialmente adscritos un ou máis partidos xudiciais. Esta posibilidade non foi recollida na redacción orixinaria da Lei de demarcación e de planta xudicial, senón na Lei 2/1999, de modificación da anterior, pola que se crean seccións en Alxeciras, Xerez de la Frontera, Xixón, Elxe, Mérida, Santiago de Compostela, Vigo e Cartaxena, dependentes respectivamente das audiencias provinciais de Cádiz, Oviedo, Alacant, Badaxoz, A Coruña, Pontevedra e Murcia.

No ano 2005, coa aprobación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, engádeselle un novo parágrafo ao artigo 82 da Lei orgánica do poder xudicial, polo cal as audiencias provinciais coñecerán dos recursos contra as resolucións ditadas en materia civil polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia.



## 2.2. Marco legal e normativo

<b>Título</b>
---------------

Real decreto do 3 de febreiro de 1881, de promulgación da Lei de axuizamento civil (*Gaceta de Madrid* núm. 36, do 5 de febreiro).

Real decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil (*Gaceta de Madrid* núm. 206, do 25 de xullo).

Lei 78/1961, do 23 de decembro, pola que se modifican os artigos 10 e outros da Lei de axuizamento civil (BOE 309, do 27 de decembro).

Lei 46/1966, do 23 de xullo, sobre modificación de determinados artigos da de axuizamento civil (BOE 176, do 25 de xullo).

Lei 10/1968, do 20 de xuño, sobre atribución de competencia en materia civil ás audiencias provinciais (BOE núm. 149, do 21 de xuño).

Lei 3/1973, do 17 de marzo, de bases para a modificación do título preliminar do Código civil (BOE 69, do 21 de marzo).

Lei 42/1974, do 28 de novembro, de bases, orgánica da xustiza (BOE núm. 287, do 30 de novembro).

Lei 11/1978, do 20 de febreiro, sobre derogación da Lei 42/1974, do 28 de novembro, de bases, orgánica da xustiza (BOE núm. 46, do 23 de febreiro).

Lei 33/1978, do 17 de xullo, pola que se dá nova redacción aos artigos 273 da Lei de axuizamento civil e 166 da Lei de axuizamento criminal (BOE 172, do 20 de xullo).

Lei 77/1980, do 26 de decembro, pola que se complementa co artigo 921 bis a Lei de axuizamento civil (BOE núm. 9, do 10 de xaneiro de 1981).

Lei 34/1984, do 6 de agosto, de reforma urxente da Lei de axuizamento civil (BOE 188, do 7 de agosto).

Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 157, do 2 de xullo).

Lei 15/1989, do 29 de maio, sobre modificación de determinados artigos da Lei de axuizamento civil (BOE 130, do 1 de xuño).

Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE núm. 313, do 29 de decembro).



Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 174, do 22 de xullo).

Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil (BOE núm. 239, do 6 de outubro).

### **2.3. Tramitación/Materia do test de compatibilidade**

<b>Código tipo tramitación</b>	<b>Nome do tipo de tramitación/procedemento</b>
--------------------------------	-------------------------------------------------

APE                      Recurso de apelación

<b>Código materia</b>	<b>Materia</b>
-----------------------	----------------

101	Dereito da persoa
102	Obrigas
103	Contratos en xeral
104	Contratos en particular
105	Responsabilidade civil
106	Dereitos reais
107	Dereito hipotecario e rexistral
108	Dereito de familia
109	Dereito de sucesións
110	Dereito mercantil
111	Consignación xudicial
112	Préstamo
113	Materia concursal

### **2.4. Esquema de tramitación**

O recurso de apelación preséntase ante o órgano que ditou o auto que se impugna. Admitido o recurso de apelación polo xulgado que ditou o auto, remitirase o expediente á audiencia, con emprazamento das partes.

Tras se recibiren os autos orixinais na audiencia e se constituír o apelante, poderá o apelado adherirse á apelación sobre os puntos en que crea prexudicial a resolución.

Entregaránselles os autos ás partes para a instrución.

Posteriormente, os autos son devoltos ao secretario xudicial.



O dito letrado entrégalle os autos ao maxistrado relator para a instrución.

No caso de se pediren probas e se aceptaren, unha vez que se practiquen incorpóranse aos autos.

Fíxase día para a vista oral, que poderá ser substituída, se as partes o solicitan, por escritos de alegacións.

A sala sinala día para a votación e o pronunciamento dispositivo.

O tribunal resolverá sobre o recurso de apelación mediante auto.

Notifícaselles a resolución ás partes.

O secretario xudicial devolve o expediente ao xulgado que ditou o auto recorrido.

## 2.5. Documentos básicos que compoñen o expediente

Documentos	Tradición documental	Soporte físico	Circuíto documental
<b>FASE</b>			
Oficio de remisión do xulgado de primeira instancia, con testemuño do auto	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia do secretario xudicial en que fai constar que recibe os autos e que se admite o recurso	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Escrito do procurador con copia do poder notarial para a representación procesual	Orixinal/copia	Papel	
<b>FASE</b>			
Providencia de que o procurador se constituíu, e pola que se ordena a formación do expediente e se designa o maxistrado relator	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia do secretario	Orixinal	Papel	



xudicial onde consta o número de expediente			
<b>FASE</b>			
Dilixencia de notificación e entrega dos autos ao procurador da parte apelante para instrución	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Escrito do procurador da parte apelante en que fai constar que se devolven os autos e se dá por instruído	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia de notificación e citación ao procurador da parte apelada	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia de entrega dos autos ao procurador da parte apelada para instrución	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia de devolución dos autos pola parte apelada, e na cal se dá por instruída	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Traslado ao maxistrado relator para instrución	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Dilixencia de que se devolven os autos de procedencia, con testemuño da resolución, ao xulgado correspondente para que o xuíz leve a efecto o resolto	Orixinal	Papel	
<b>FASE</b>			
Oficio de que se recibiron	Orixinal	Papel	



os autos no xulgado de orixe			
<b>FASE</b>			
Dilixencia do secretario xudicial na que fai constar o arquivamento das actuacións	Orixinal	Papel	



**2.6. Relación con outra documentación**

Denominación autorizada	Produtor	Tipo de relación <sup>1</sup>	<a href="#">Código ficha</a>	
Expedientes de xuízos de maior contía	- Xulgados de 1 <sup>a</sup> instancia e instrución	Serie relacionada		
Expedientes de xuízos de menor contía		Serie relacionada		
Expedientes de xuízos de cognición ou pequena contía		Serie relacionada		
Expedientes de xuízos verbais ou de mínima contía		- Xulgados de 1 <sup>a</sup> instancia	Serie relacionada	
Libro de autos		Serie relacionada		
<b>Pendente de identificar as series documentais</b>	- Xulgados de violencia sobre a muller	Serie relacionada		
Libro de autos en apelación	- Audiencia provincial	Serie recapitulativa		
Libro de rexistro de recursos de apelación civil		Serie recapitulativa		

**2.7. Ordenación da serie:**

<b>Cronolóxico-numérica (rexistro)</b>	<b>X</b>
<b>Numérica</b>	
<b>Cronolóxica</b>	
<b>Alfabética por onomástica</b>	
<b>Alfabética por materias</b>	
<b>Alfabética por xeografía</b>	

---

<sup>1</sup> Series antecedentes / Series sucesoras / Series recapitulativas / Series complementarias.



### 3. ÁREA DE VALORACIÓN DOCUMENTAL

#### 3.1. Valores primarios

	<b>Prazo</b>	<b>Xustificación/Lexislación</b>
<b>Administrativo/ Xestión/ Xudicial</b>	1 ano	O valor administrativo dos recursos cando é contra un trámite está ligado á resolución do procedemento do que forma parte, pero se é contra o sobresemento, prescrición ou caducidade depende dos prazos establecidos para cada caso.
<b>Legal ou xurídico</b>	Non ten	Está na resolución do procedemento principal. Se é o propio auto o que finaliza o procedemento, este documento está recollido no libro de autos. Os expedientes que se conservan nas audiencias provinciais teñen escaso valor, xa que neles consérvanse documentos de transmisión e o testemuño do auto.
<b>Fiscal</b>	Non ten	

#### 3.2. Valores secundarios

	<b>Escaso</b>	<b>Substancial</b>	<b>Xustificación/Lexislación</b>
<b>Informativo</b>	<b>X</b>		Carece de valor histórico, pola composición do expediente e a existencia de documentos recapitulativos.
<b>Histórico</b>	<b>X</b>		

#### 3.3. Series vitais/esenciais

**Serie esencial**

**Xustificación**



## 4. ÁREA DE ACCESO

### 4.1. Condicións xerais de acceso a serie documental

Libre	
Libre con restricións	
Restringido	X

#### Prazos de acceso e derogación de reserva

25 anos dende a súa morte ou 50 dende a data do documento.

#### Recursos fronte a resolucións denegatorias de acceso

### 4.2. Marco legal do réxime de acceso

#### A) Xeral

Título	Artigos
Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal	10 e 11
Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español	57
Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia	23

#### B) Específico

Título	Artigos
Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial	234 e 235
Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais	7 e 12
Acordo do 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais	2 ao 7
Real decreto 1608/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento orgánico do corpo de secretarios	5 e 11



xudiciais

#### 4.3. Contidos susceptibles de protección

Contidos afectados		Referencia normativa
Datos cuxa divulgación pode afectar a intereses públicos (PU)		
Datos cuxa divulgación pode afectar a intereses privados (PR)		
Datos de carácter persoal (DP)		

#### 4.4. Medidas para favorecer o acceso a expedientes de acceso restrinxido

Enmascaramento de datos	X
Despersonalización ou anonimización	X
Exclusión de documentos para acceso parcial	



## 5. ÁREA DE SELECCIÓN

### 5.1. Proposta de selección

Conservación	
--------------	--

Eliminación	X
-------------	---

Total	
Parcial	

Total	X
Parcial	

#### Xustificación da(s) proposta(s)

Unha vez analizada a serie, considérase procedente a súa ELIMINACIÓN TOTAL, polo seu escaso valor informativo-histórico. O valor legal-xurídico desta serie, tras a firmeza do auto, non vai máis alá dun ano.

#### Conservación parcial: tipos de documentos a conservar ou eliminar:

Descrición	Conservar (C) ou Eliminar (E)

#### Eliminación total: tipo(s) de mostraxe propostos (se é o caso)

#### Lugar e prazos de eliminación (se é o caso)

Tipo de arquivo	Prazo
Arquivo territorial	15 anos dende a data de resolución de arquivamento definitivo.

### 5.2. Eliminación de exemplares duplicados

Descrición	Prazo

**5.3. Metadatos residuais a conservar en caso de eliminación**

Elemento	Código
----------	--------

**5.4. Prazos de transferencias**

	Prazos	Xustificación
<b>Arquivo de xestión</b>		
<b>Arquivo territorial</b>	<b>Ao ano</b> de firmeza do auto.	
<b>Arquivo histórico</b>	<b>Finalizada a expurgación</b>	

**6. OBSERVACIÓNS****7. ÁREA DE CONTROL**

<b>Código da ficha</b>	<b>0005</b>
<b>Responsables do estudo de identificación e valoración</b>	Dolores Lestón Suárez María José Liñares Noya Antonio López Bodaño Alba Pérez Fernández Olga Castañeda Rodríguez Rodrigo Silva Poceiro
<b>Arquivo(s) onde se levou a cabo o traballo de campo</b>	Arquivos territoriais xudiciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
<b>Datas extremas do período estudado</b>	1968/
<b>Data de realización</b>	29/04/2015

**Control de versións**

Versión	Data	Descrición do cambio
01	29/04/2015	Versión inicial
02	03/03/2016	Segunda versión